

ALFONSO SANCHEZ IZQUIERDO, ESTRATEGA

Autodéfinese como xestor, exerce prioritariamente como tal desde hai moitos anos, sendo ó mesmo tempo un gran xornalista e un virtuoso estratega. Podería ter sido prestixioso médico ou exercer como ilustre xurista pero a súa grande vocación, de sempre e desde moi neno, é o xornalismo. Alfonso Sánchez Izquierdo é un dos máis brillantes xornalistas galegos dos últimos 30 anos, executor da transformación e modernización dunha das principais empresas familiares de prensa de Galicia e, ó mesmo tempo, eixo/centro de conciliación e catalización das principais estratexias políticas e sociais inspiradas á beira do Miño ourensán.

Nado en Sidi Ifni en 1949, fillo de militar, vive ata os oito anos nese territorio de protectorado español, primeira infancia polo tanto nun ambiente de ocupación e asedio, como corresponde ós últimos anos da presenza de España nesa praza marroquina, na que as tropas da Península eran permanentemente acosadas polas partidas guerrilleiras bereberes. Ambiente, no fondo, non moi lonxano do clima de tensión e conspiración parecido ó que se palpa no Café de Rick da non menos mítica “Casablanca”.

Coido que a personalidade de Alfonso Sánchez Izquierdo combina o espírito contemplativo e tranquilo do tuareg coa curiosidade e a forza da orixinal expresión creativa da cultura atlántica galega. Ademais dos seus propios pais, ámbolos dous ouresáns de clase media, comerciante e ilustrada, nesa primeira infancia hai tamén outra muller, unha mucama bereber, Guasara, que de seguro acaba transmitindo a ese pequeno rapaz códigos e valores da milenaria cultura do deserto. En árabe, guasara significa salvación e guasira ministra.

De volta a familia a Ourense, Alfonso Sánchez Izquierdo realiza os seus estudos nesa cidade, aproveitando o seu tempo libre en conquistar e descubrir a completísima biblioteca do seu

avó, un próspero comerciante co que rivaliza o neto nas primeiras lecturas da prensa de Madrid.

Como o ABC de Madrid chegaba a Ourense a mediodía e se repartía nas primeiras horas da tarde, inmediatamente despois de xantar, case sempre era Alfonso quen o recollía na porta da rúa e o “secuestraba” para encerrarse con él nos servizos, ata que o seu avó botaba tres ou catro berros na procura do seu monárquico periódico. Cecaís nesa curiosidade polo interés informativo está o xermolo da súa vocación xornalística.

De Ourense a Madrid para seguir carreira universitaria, que a súa nai quería que fose Medicina –desexo imposible porque o candidato case se desmaiaba nada máis ver sangue- pero contentábase a familia con Dereito, que é pola que opta en primeiro lugar. Con esa intención vai para Madrid, con praza para o Colexio Maior Pio XII, centro no que os estudantes becados e os máis espabilados teñen a obriga e a oportunidade de compatibilizar dúas carreiras. Neste caso Alfonso escolle tamén a de xornalismo, na Escola de Xornalismo da Igrexa, fundada polo cardeal Herrera Oria en 1926, xuntamente con outro galego ilustre, o crego pontevedrés Manuel Graña (Cangas, 1878-1978), que redactou o seu programa de estudos a semellanza dos da prestixiosa Universidade de Columbia, onde estuda xornalismo.

Alfonso Sánchez Izquierdo encóntrase en Madrid, no Pio XII, coa súa verdadeira vocación, o xornalismo, e aínda que rematará os estudos de Dereito, será a información a folla de ruta escollida para a súa futura vida profesional. Pero tamén descobre no Pio XII de Madrid, entre 1965 e 1971, as brisas de liberdade que a revolución estudiantil europea soplan cara España o rocío do Maio do 68 e o espertar da transición política.

Non era o Pio XII un Colexio Maior calquera. Era o colexio fundado polo Cardeal Herrera Oria, toda unha institución de referencia relixiosa, política e intelectual en España, como apóstol vaticano da doutrina social da Igrexa, encarnada a prol da xuventude, as mulleres, os gremios sociais e a comunicación

mediante a fundación de xornais coma “El Debate”, “Ya”, “La Editorial Católica”, “Axencia Logos” ou a propia Escola de Xornalismo. Co Cardeal Herrera Oria participa tamén na fundación de “El Debate” outro ilustre ourensán, Basilio Alvarez, o famoso abade de Beiro, quen froito da súa intensa e ricaz labor xornalística en Madrid e Galicia escribirá o primeiro manual de redacción da prensa española titulado “O libro do xornalista” (1912).

En realidade o Pio XII eran tres colexios nun, que confluían en servicios comúns: o Pio XI, de postgraduados; o Instituto León XIII, de cregos e relixiosos, e o propio Pio XII, de estudantes universitarios. Centros creados por Herrera Oria e alentados polo espírito da Democracia Cristiana, que en España –por non estar permitidos os partidos políticos- chamábase Asociación Nacional de Propagandistas. No Pio XII de Madrid residían e estudiaban, neses últimos anos da década dos 60 e principios da dos 70, futuros líderes políticos e empresariais do noso país. Por alí andaba Arzallus, que aínda vestía sotana, e tamén Virgilio Zapatero, Alejandro Cercas, Jaime Pastor, José Luis Méndez, Luis Carrera Pásaro e futuros xornalistas coma Lalo Azcona, Alberto Valverde e outros moitos.

A actividade cultural e política, aínda que oficialmente non se podía falar de política, estaba nos Colexios Maiores e nos pasillos das Facultades, fóra das aulas, por suposto. A Universidade española dos anos 60 ós 80 era tamén unha fábrica de novos cidadáns para a democracia constitucional que había de chegar no último cuarto do século XX. No Pio XII as actividades organizábanse por pisos e entre o grupo de organizadores e xestores das mesmas estaba Alfonso Sánchez Izquierdo e tamén Luis Carrera Pásaro, que neses anos era o director da revista “Límite”, intervida pola Dirección Xeral de Seguridade por un sonado editorial titulado nada máis e nada menos (para aquel tempo) que “Miedo a la libertad”.

O Colexio Maior –masculino, por suposto, ollando sempre cara o Padre Poveda, o das mozas boas- era tamén lugar de

intensa convivencia, de rechoufa e de moitas anécdotas para cantos viviron aqueles intensos anos de formación e transición. Se o Cardeal Herrera mandaba no Colexio e en media España, na cociña mandaba Sor Búfalo, que así lle apodaran a unha garrida monxa á que responsabilizaban de amasar co sobaco as famosas albóndigas (que eran manxar de hoxe sí e mañán tamén). Ou o P. Echamendi, o segundo de Herrera, que aínda sen luz era identificado por todos polo forte aroma a Floid que ó seu paso despedía. Mesmo tamén Mateo Vara, o administrador, que o era tamén de EDICA, responsable da compra dunha partida de mantequiña amarela en mal estado que desencadeou unha intoxicación xeral; e Juan Pérez de Alhama, que tivo a ousadía de repartir entre os colexiais, en vésperas dun Primeiro de Maio, exemplares da revista de Fuerza Nueva provocando unha insurrección que acabou en queima de exemplares na Glorieta de Cristo Rei e, de seguido, a intervención da Policía que rodeou o Colexio Maior.

Actividades culturais, cine de arte e ensaio, cine forum, debates, publicacións clandestinas, axitación estudiantil e voces de liberdade. Arredor do Colexio latexa tamén o espírito intelectual que alenta a revista “Cuadernos para el Diálogo”, a vía reformista católica máis avanzada cara a transición. Neste Colexio Maior organizan unha misa de arte e ensaio que acaba en escándalo ós ollos da prelatura de don Casimiro Morcillo. Nese ambiente estudiantil de inqueda cultural tamén está a presenza de Galicia. Alonso Montero, entre outros, fala no Pio XII sobre Galicia, o galego e a liberdade dos pobos.

Rematados os estudos universitarios, consegue unha beca da Axencia EFE e marcha un ano de xornalista alevín para a Corresponsalía de Wasigthon, ata finais de 1973. De volta en España entra en contacto con José Luis Outeiriño, que o incorpora a La Región, unha relación profesional, pois, das máis longas e estables da prensa galega, por suposto, e cecais tamén da española.

A súa chegada á empresa de prensa da familia Outeiriño coincide cos plans de renovación tecnolóxica e de mellora de contidos que lle está a imprimir o novo conselleiro delegado, José Luis Outeiriño, en proceso de consolidación plena da edición internacional creada na década dos 60 para a emigración galega de Europa e América, despois de retirarse da participación no capital social de “Ferrol Diario” (1969-1980).

Nese fin de ano 1973 a sociedade editora ourensá, creada en 1910 co nome de Acción Social Católica S.A., abandona esta denominación e toma a da súa propia cabeceira, La Región S.A. É unha das primeiras decisións que asina o novo conselleiro delegado, José Luis Outeiriño Rodríguez, nomeado como tal con data de xaneiro de 1974, a quen o seu pai, don Alejandro, lle vai transferindo tódolas pancas de mando da empresa.

Merece a pena citar tamén a composición do novo Consello de Administración de La Región elixido en 1973. Baixo a presidencia de Alejandro Outeiriño Rodríguez e co seu fillo José Luis como conselleiro delegado, aparecen tamén no órgano societario as seguintes persoas: Ana María Outeiriño Rodríguez, Miguel Araujo Iglesias, Ricardo Martín Esperanza, Eulogio Gómez Franqueira, José Luis Temes Ramos, Amando Prada Castillo, Antonio Sánchez Barrachina e Angel Iglesias Juárez. Representantes da familia, da Igrexa, da Caixa de Aforros, da medicina, un asesor empresarial e tamén dos traballadores da empresa.

Fixemos esta referencia societaria para resaltar o espírito innovador e transformador no que Sánchez Izquierdo senta parella profesional e directiva cun dos editores de prensa máis lúcidos que souberon pilotar a reconversión e diversificación da empresa familiar de prensa en Galicia durante o último cuarto de século. Sánchez Izquierdo pasa a ser o primeiro oficial e o capitán da nave empresarial comandada por José Luis Outeiriño, cunha disciplina e fidelidade que permanece no tempo. Non lle faltaron oportunidades profesionais para deixar Ourense pero sempre

puido ó final a química e a intelixencia da súa relación co patrón do barco.

A capacidade de xestión e de innovación de Sánchez Izquierdo afortálase e complementábase na relación coa iniciativa e o espírito emprendedor de José Luis Outeiriño. Dúas viaxes profesionais a Alemania (1974, IFRA) e Xapón (1975) cambian e amplían a mentalidade de xestión de Sánchez Izquierdo para anticipar os cambios tecnolóxicos que na década dos 80 transformarán os talleres nas redaccións en tódolos xornais pasando do chumbo á fotocomposición. La Región prepárase para eses cambios e comenza a planificar a súa marcha do centro da cidade para unha nova planta de impresión no Polígono de San Cibrao das Viñas.

Ó mesmo tempo preocúpase pola diferenciación e a calidade dos contidos informativos. La Región organiza unha primeira rede de correspondentes alternativa á eclosión das delegacións de La Voz de Galicia, coas crónicas de Anxel Vence, Fernando Ramos, Juan Soto, Manuel Rivas, Germán Castro e Gaciño desde as distintas cidades de Galicia. Maribel Outeiriño realiza orixinais entrevistas, valentes investigacións xornalísticas e curiosas reportaxes a través de toda Galicia. Nas páxinas de opinión asinan Otero Pedrayo, Risco, Blanco Amor, Jimeno, Alvarado, Guede, ALE, Carlos Casares, Alfredo Conde e moitos outros. Mesmo o xornal ouresán se converte en táboa de salvación para Blanco Amor, cando volta a Galicia sen medios nin recursos. Como cando falece en Vigo, a xestión de Sánchez Izquierdo é providencial para que Victorino Núñez, a través da Diputación, lle organice o cadaleito e velorio que merece Blanco Amor.

A primeira experiencia de diversificación empresarial interna de La Región foi a edición internacional, que resultou un grande éxito para o seu tempo. A segunda, frustrada, foi a participación na primeira etapa da sociedade editora dun novo xornal galego, o Ferrol Diario (1969), como resposta ás estratexias dos novos líderes das outras empresas familiares de prensa de Galicia, Faro de Vigo na etapa de Josecho Amado de

Lema e Santiago Rey Fernández Latorre ó frente de La Voz de Galicia e ó seu avance a través das edicións provinciais e comarcais.

O terceiro intento de diversificación e de resposta comercial ó Faro e La Voz foi en 1986 co lanzamento de Atlántico Diario, a primeira experiencia xornalística tamén en Galicia de sacar á rúa un periódico a cor e a 100 kilómetros entre a Redacción e a súa planta de impresión.

Ademais da reconversión tecnolóxica, que se produce entre finais da década dos 70 e principio da dos 80, a prensa tradicional española ten que facer fronte ós novos retos da información e á aparición de novos xornais (El País e Diario 16), que chegan a tódolos lugares de España cunha oferta nova e variada. Trátase de ofrecer nova información, diferenciada, mellor presentada e independente. Os periódicos periféricos responden coa creación en 1972 de SAPISA, sociedade promotora da Axencia Colpisa, que pon en marcha Manuel Leguineche en Madrid, coa presenza dos editores do grupo vasco, de La Región e La Voz, entre outros, a onde nalgún intre está a punto de da-lo paso Sánchez Izquierdo para substituír ó seu director-fundador, que desexaba voltar ás súas crónicas a través do mundo enteiro.

A segunda batalla de confrontación da prensa provincial contra a de Madrid céntrase na fin de semana. En 1980 volven a confluír os tres editores galegos de La Voz, La Región e Amado de Lema (que xa abandonara Faro por La Voz de Asturias) na creación dos “magazine” Antena Semanal e Antena TV fronte ós suplementos das novas cabeceiras de Madrid.

Nos primeiros anos da década dos 80 as editoras de prensa visualizan tamén a necesidade da súa diversificación multimedia para responder ós novos retos empresariais da radio e a televisión. La Región participa na radio a través de Ondas Galicia e desenvolve as súas primeiras experiencias de produción audiovisual para a Televisión de Galicia en 1985 a través das delegacións de Madrid e Ourense respectivamente. Aproveita as

sinerxias de multiimpresión para distintas cabeceiras de prensa nacional xeral e deportiva e alenta tamén, na metade da década dos 80, antes ca outros proxectos posteriores, as imposibles sinerxias empresariais para crear unha planta de impresión no centro de Galicia para a maioría dos xornais de Galicia e o norte de Portugal.

Desde La Región, con Sánchez Izquierdo ó timón e Outeiriño na ponte de navegación, vóltase en 1986 á estratexia das sinerxias nas redes de información, neste caso desde Galicia e para Galicia, a través da creación da Axencia Galega de Noticias. En 1988 esta mesma idea salta a Madrid, para o conxunto da información nacional, a través da creación da Axencia Imagen Press S.A.

Alfonso Sánchez Izquierdo sabe de moitas outras iniciativas e de estratexias políticas baralladas na cidade das Burgas. Desde hai moitos anos este xornalista xestor é centro e testigo dunha especie de organización secreta da cidade ourensá que nalgúns intres chegoume a espertar grandísima curiosidade. En Ourense funciona unha especie de Senedrín -do que non sei moi ben se Alfonso é o artífice ou o alentador- no que as distintas “forzas vivas” da cidade consensúan vontades e unidades a prol de obxectivos comúns. Unha especie de sociedade –cecais algo masónica, no fondo- que faría as delicias da fantasía na crónica e o relato do noso querido e lembrado Diego Bernal.

De mentalidade cosmopolita, sempre ó día nas novidades estratéxicas, tanto conceptuais como empresariais, de acuciada sensibilidade artística para a música e as artes visuais, teño para min que a Alfonso Sánchez Izquierdo gústalle moito máis ler, ver, escoitar e falar que escribir. Os alumnos de Xornalismo valóranos coma un dos seus mellores profesores, que transmite conceptos, reflexións e enfoques froito da sabiduría e a madurez intelectual que trascende dos libros á vida mesma. Coido que a química da súa intelixencia, sensibilidade e sociabilidade está na orixe da súa mestizaxe cultural. Pero, en fin, ¡quen pode facer teorías sobre a personalidade!...

